

## CICA GALLERY DIARIO

### 1- Elección Biocost

Eu habitualmente traballo con cuestións ligadas a como se conforma unha identidade cultural; como fai un colectivo para identificarse a si mesmo como tal, cuns códigos e símbolos comúns. Especificamente teño traballado moito sobre a paisaxe galega e o mar, sobre a ambivalencia de identificarnos con imaxes que moitas veces non son xeradas dende Galicia mentres a realidade de eses espazos representados se amosa moito máis viva, fluída, fragmentaria e relacional; especialmente nas circunstancias dunnha cultura e linguas minorizadas.

Escollín o grupo BioCost porque ofrecíame a posibilidade de traballar directamente con esa paisaxe mariña e cun recurso concreto dentro dela que non estaba tan tradicionalmente explotado na economía da costa: as macroalgas. Ademáis de traballar directamente na zona da Illa de Arousa, no IGAFa, e ocasionalmente no Salgueirón de Cangas do Morrazo (zona coa que teño unha ligazón sentimental por parte de nai), teñen o seu laboratorio no CICA. Interésame moitísimo esta dobre aproximación a un mesmo ser vivo como a alga.

Por un lado, temos o laboratorio onde as algas están en tanques. Estes teñen todos o mesmo volume, polo menos os que vexo a diario, e están suxeitos a circunstancias de luz e revisións organizadas e controladas polo grupo. Polo outro, a semana despois de comezar o proxecto, contánme que están repoboando unha especie de alga chamada *Imanthalia elongata* nunha rocha concreta da zona do Niño do Corvo na Illa de Arousa. É dicir, existe un primeiro tipo de espazo de traballo onde o grupo é quen de controlar as condicións nas que crece a alga; e logo existe outro no que é o propio medio o que condiciona non so a situación da alga senón os momentos nos que esta é accesible para o grupo -tanto visual como fisicamente-. Na residencia gustárame investigar máis sobre ambos puntos de partida para relacionarse coa alga, intentar abrir dous camiños para facer obra con ela.

### 2. Formigón.

Cando escollín o grupo non sabía o da Illa de Arousa, pero si sabía que traballaban fóra do laboratorio.

O primeiro que chama a atención do laboratorio de BioCost é o ruído e a luz. Ambos son moi localizables na zona dos tanques. Quero saber se a altura das lámpadas que están orientadas cara a auga dos tanques varía dependendo de tanta luz necesite cada especie. Falando con Érika os primeiros días dime que a cantidade é máis ou menos a mesma pero que a disposición cambia polo tipo de bombilla e a súa potencia. Eu pensara nalgún tipo de coreografía con esas luces pero vendo que esas variacións non teñen efectos como tal nas algas o descarto.

Aínda así, lembro unha idea vaga que tiña na cabeza cando se nos presentou o espazo. O primeiro día contáranos que fixeron probas privando de luz ás algas dun tanque mentres que deixaban a outras coas condicións lumínicas óptimas. Así, descubriron que as algas

que deberían estar a morrer sobrevivían porque as outras, as sanas, eran capaces de pasarlle os nutrientes necesarios; podían comunicarse. Hai unha idea de transmisión, e de empregalo para a supervivencia, que me interesaba moito deste experimento. Ademais, vía que a forma e volume da auga nos tanques repetíase e que había nesa repetición algo sutil que xogaba co cíclico. Supoño que neste tipo de experimentos é importante facer probas e probas alterando moi pouco as situacións para ser capaz de localizar o que acontece, vexo un ritmo neses métodos que me chama moito visualmente.

Os seguintes días que estiven co grupo foi xa na illa de Arousa, no IGAFSA, que é un centro no que se ensina acuicultura. Explicáronme o que facían alí. Hai moitos peixes, lémbrome de rodaballos, que están sendo criados e alimentados en tanques semellantes a nos que están as algas do laboratorio do CICA. Javier cóntame que para que a auga na que estaban eses peixes puidese seguir sendo habitables para eles empregábase unha especie de bioplásticos que, dalgún modo, a “reciclaban”. É dicir, fan que siga sendo respirable. Explicame que están facendo probas para substituír eses bioplásticos por algas que se alimentan do que expulsan os peixes e que, a súa vez, expulsan o que necesitan os peixes para respirar. Non me lembro dos termos exactos, pero creo entender que búscase que a relación entre o peixe e a alga sexa a mesma ca de un ser humano cunha árbore.

Chámame a atención como se empregan redes e telas para tapar os tanques, tamén que algúns dos peixes están tapados pero todos os que vira con algas necesitaban si ou si luz. De novo, teño na cabeza e idea de comunicación e transmisión e penso en materializala coa forma dos tanques. Vendo que o volume e a forma repítense neste espazo, penso na posibilidade de facer unha serie de vaciados dos tanques -pode que nun material vivo como o formigón- producindo pequenas variacións na súa superficie e textura. Imaxínome unha serie de cinco nas que todas as pezas teñan a mesma forma pero na que a primeira e a última teñan un acabado bastante liso e industrial, mentres canto máis cara o medio da serie as pezas teñan máis poros e estén máis húmidas. Xogar un pouco con como levar a unha forma xeométrica e calculada como a dos tanques a idea do vivo, do que respira e fala; tamén do cíclico.

Falando con Deborah, ponme en contacto con Gema, que traballa no CITEEC, onde se fan probas con distintas mesturas de formigón para que sexa máis lixeiro e sostible. A finais do proxecto do CICA Gallery farei probas coa idea dos tanques, aínda que sen os tanques xa que non é posible usalos como molde. Usarei uns cubos que teñen unhas dimensións semellantes, coa mera intención de experimentar e facer probas.

### 3- A pedra do mel.

En febreiro, acompañe a Érika e Alejandra a facer o muestreo de como crecían as algas de *Imanthalia Elongata* que están repoboando na illa de Arousa. Pregúntolles por como é a alga e díxeme que é propia de aquí pero que non se ten comercializado moito con fines alimenticios. Coméntanme tamén que en Asia non se da e que pode ser un bo mercado e que tamén están facendo probas para repoboalas porque están comezando a estar en risco polo cambio climático. Fan os embrións elas no laboratorio e logo os plantaron aquí, viñeron en Outubro e agora e a seguinte vez que as mareas lle lo permiten.

Resúltame moi curioso o pouco que poden ver das algas polo estado do mar, do espazo onde necesitan que crezan. Paréceme unha negociación moi interesante entre lugar de traballo e lugar natural, as mesmas condicións que fan que os seus experimentos sexan favorables fan tamén que a contorna pareza que as bote. Só puideron ir dúas veces dende que comezou todo, hoxe fai unha tormenta tremenda e estánse empapando. Sacan fotos nas que empregan uns cadrados de metal dos que saben as medidas. Así, quede como quede teñen unha medida de referencia para saber canto crecieron as algas dende a última vez.

Os resultados son imaxes borrosas, mal encuadradas e cheas de gotas de auga. Aínda así sirvenlles e iso é o que máis me atrae. Usarei estas fotos para unha das obras do CICA, sobre todo porque son imaxes que reflexan as condicións mesmas nas que son feitas. Se a xente de BioCost puidese escoller que día ir facer o muestreo, probablemente as fotografías serían moito máis nítidas, a alga miraríase mellor e estaría todo mellor encuadrado. Pero non o está porque tiñan a marea subindo e botándonos de alí, porque era un espazo inestable para unha persoa, todo esbaraba, chovía e case non podían mirar o que estaban fotografando. Esas condicións quedan rexistradas nos resultados, condicionan ese modo de mirar, e creo que gustaríame xogar con iso.

-

Por outro lado, paréceme moi interesante mirar esa rocha como un espazo de reunión entre o grupo, as algas (que están xa na súa contorna natural e non controladas por científicas) e a vida da zona. Hai unha conexión entre o máis absolutamente local -un con nunha illa- e o máis global -un ser vivo que crece-. Por curiosidade, decido investigar a talasonimia da zona para ver se esta rocha recibe algún nome por parte da xente que traballa preto dela. Atopo no proxecto “Galicia Mapeada” que alguén rexistro esa rocha como “A pedra da mel”.

Por sorte, Lucía axúdame moito e pásame o contacto dun señor da zona que se chama Genito. Dime que nunca escoitou ese nome, tamén que esa zona antes non se iba case nunca por terra, que era para o lixo. A semana seguinte, xa en Marzo, quedamos con dous informantes da zona, Daniel e Braulio. Braulio é mariñeiro e di que pasa por alí todos os días por mar, tamén que a esa alga chámanlle O bichoso na illa e que empregábase para manter viva a miñoca antes de pescar. Pero nada do nome da rocha, o de “A pedra da Mel” non lles soa a ningún. Ese mesmo día na casa anoto unhas liñas do libro que estou lendo de Anne Boyer, Desmorir, e, aínda que estea completamente descontextualizado lémbrome da miña búsqueda do nome da rocha. “Nada é seguro excepto o que se atopa entre nós e o que desexamos coñecer”

#### 4-Herbarios

En paralelo ao proxecto da Pedra da Mel (que estou xa bastante seguro que non é o nome real da pedra, senón o único nome que atopei buscando dende a miña posición) volvo a estar un par de días no laboratorio de BioCost no CICA. Vexo que unha das cousas que máis temos en común é a necesidade de un uso de medidas. Traballan moito coa cría de algas, entón están moi pendentes de medir canto crecen e de rexistralo. Interésame a cuestión de con que técnica se producen eses rexistros. Falando do tema ensiname o que se chama uns pliegos ou herbarios de algas.

Ao parecer, sacan a alga nun momento determinado da súa vida e, unha vez seca, a prensan para que quede fixa a unha folla. O resultado é precioso, moi manual e fascinante.

De aquí extirio dúas cousas. Por un lado, a técnica do prensado, que me lembra moito aos tórculos empregados en gravado. Non creo que poida facer linogravado con tórculo, pero estou pensando en empregar técnicas de estampa como a serigrafía por ter ese proceso manual de facer presión cunha superficie contra outra para que o resultado teña a textura adecuada e ocupe o que ten que ocupar. Por outro, moitas algas non entran nas follas, este sistema -como calquera- precisa de establecer un estándar fixo para chegar a un punto común no que as medidas resultantes teñan un sentido. Neste caso o marco é o propio marco, é dicir o tamaño da folla na que se prensa a alga. Así, hai que dobrar a alga, e incluso cando non é preciso acaban producíndose dobreces porque non ten unha forma plana de xeito natural.

De este xeito ocórreseme escánear doce algas prensadas, dous lotes de seis algas. Un da Illa de Arousa e outro dunha localización coa que non temos xa ningún tipo de vínculo. É o mesmo tipo de alga, pero a simple vista hai variacións de cor e de forma que me producen moita curiosidade entre ambos lotes, pregúntome se teñen que ver coa zona onde creceron. Cando teña os documentos en PDF, a miña idea é illar as zonas onde se producen dobreces. Por cada tipo de dobrez unha capa PNG para logo pasar a serigrafía.

Conforme voume achegando ao final da residencia decido que non quero amosar ningunha alga nas obra, interésame máis referirme a elas. Interésanme os dispositivos que empregamos para referirnos a elas aquí, as técnicas coas que se traballan estes. Quero buscar fugas dentro delas, puntos en común. Neste caso, as dobreces son unha fuga moi clara, un “erro” dentro deses dispositivo que o amosa como dispositivo e non como verdade. Gústame moito pensar neste tipo de cuestións como traducións; xeitos de achegarnos a unha realidade complexa para poder aprehandelada dalgún modo. Creo que aquí poden cruzarse arte e ciencia.